

Gili Schwarzman, frauta

A frautista internacionalmente aclamada Gili Schawarzman se presentó como solista en todo el mundo con distintas orquestras, incluíndo a Jerusalem Symphony, Orquestra de Cámara de Israel, Berliner Camerata, Orquestra de Valencia, Das Sinfonie Orchester Berlin, Orquestra de Cámara de Potsdam, Soloists Hulencourt Brussles, Symphony Europea, Orquestra de Cámara de Tallinn ou a Iventus Orchestra, entre moitas outras.

Como solista e músico de cámara, Gili Schwarzman colabora regularmente con algúns dos músicos máis notables do noso tempo, como Alisa Weilerstein, Amihai Grosz, Lioba Braun, Emmanuel Pahud e Guy Braunstein, tocando nas salas máis recoñecidas, como Musikverein Wien, Queen Elizabeth Hall en Londres, Mozerteum Salzburg, Berlin Philharmonie, Hamburgo Laeishalle...

Gili toca regularmente en moitos festivais de prestixio como Jerusalem Chamber Music Festival, Misuqe de l'Emperi en Salon de Provence, Festival de Salzburgo, Lucerna Festival, Zagreb Rolandseck Chamber Music Festival ou o Festival de Alemaña. As súas actuacións foron retransmitidas na radio e na televisión coma RBB, Cultura WDR Radio Deutschland e BBC.

Despois de rematar os seus estudos con excelencia en Israel, completou a súa formación na Academia de Música de Múnich, na clase do profesor Andras Adorjan. Durante os seus estudos gañou varios premios, incluíndo o Concurso Internacional de Praga, a bolsa de estudos de Fundación América-Israel, a bolsa de estudos da Tel Avid Academy. Gili tivo a oportunidade de recibir consellos dos prestixiosos frautistas Emmanuel Pahud, Philippe Bernold, Michel Debost, Davide Formisano e Pierre Yves Artaud.

Durante os anos 2007-2012 foi membro da 'Divan Orchestra West-Eastern', baixo a dirección do Mestre Daniel Barenboim.